

CRTVG VIVA

Noite de celebración na Galega, coa emisión da gala “A Galicia do Futuro” e dos Fogos do Apóstolo

24/07/2011 10:00



O especial musical congrega a grupos e artistas galegos como **Luz Casal, Treixadura, Luar na Lubre, Ruada, Cantigas e Agarimos, e Toxos e Froles**

Previo á media noite, a canle pública achegará cos *Fogos do Apóstolo*, un novidoso espectáculo virtual multimedia, desde a Praza do Obradoiro

O Día de Galicia, a TVG ofrecerá, en directo, a partir das 10.00h, a *Ofrenda Nacional ao Apóstolo*

Santiago, 24.07.2011.- Como antesala do “Día de Galicia”, a TVG ofrecerá (22.00h) unha gala especial a noite do 24 ao 25 de xullo, “**A Galicia do Futuro**”, presentada por **Xosé Ramón Gayoso, Laura Casares e Sonia López**, desde o Pazo de Congresos de Santiago, que reunirá artistas de primeiro nivel como Luz Casal, xunto á música e voces dalgúns dos mellores coros e grupos galegos, como **Treixadura, Luar na Lubre, Ruada, Cantigas e Agarimos e Toxos e Froles**.

A gala musical do 24 de xullo, que conectará ao longo da noite con galegos e galegas de todas as idades e procedencias para recoller os seus testemuños sobre como ven a Galicia do futuro, contará, amais das referidas, coas actuacións de **Lucía Pérez, Malvela; El Puto Coke, Nova Galega de Danza; Davide, María Chenlo; Xosé Manuel Piñeiro e Maret**, gañadora do concurso “Recantos” de novos valores musicais, desenvolvido por “Luar”, que actuará co finalista **Hugo Torreiro**. O final da gala terá outro punto álxido coa actuación de 150 músicos sobre o escenario: “Treixadura” e os tres coros máis importantes desta noite especial.

A hora máis emocionante e agardada da velada será para ofrecer en directo (ás 23.30h), desde a Praza do Obradoiro, a transmisión dos **Fogos do Apóstolo** e o espectáculo virtual multimedia, cun sistema innovador de 4D, que se proxectará nos muros da Catedral de Santiago, máis especial ca nunca por cumpriren 800 anos de historia. Amais deste, un dos momentos máis emotivos da gala musical estará nos primeiros minutos do 25 de xullo, cando se produza a actuación conxunta do grupo **Treixadura** e a **Banda Unión Musical do Rosal**, unha posta en escena da que son protagonistas cen músicos.

Ofrenda Nacional ao Apóstolo

O Día de Galicia os equipos de Informativos e de Produción da TVG estarán permanentemente na contorna da Catedral de Santiago para cubrir todos os actos institucionais e festivos da xornada. Pola mañá, ás 10.00h, a Galega ofrecerá, en directo, a Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago, co desfile de autoridades ata o interior da Basílica, con Pilar Rojo, presidenta do Parlamento galego, como delegada rexia nesta ocasión.

Na foto superior, a gaiteira galega Susana Seivane na gala especial do 24 de xullo do ano pasado.

